

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 14 DE MAIO DE 2026 POLA QUE SE PUBLICA A RELACIÓN PROVISIONAL DE SOLICITUDES ADMITIDAS A TRÁMITE NA CONVOCATORIA DE AXUDAS A PROXECTOS PARA O PERSOAL INVESTIGADOR CON TRAXECTORIA EXCELENTE DO CAMPUS DE OURENSE 2026

Por Resolución Reitoral do 9 de abril de 2026 publicáronse as bases da convocatoria de Axudas a proxectos para o persoal investigador con traxectoria excelente do Campus de Ourense 2026. Efectuada a revisión das solicitudes presentadas de cara á comprobación do cumprimento dos requisitos de admisión previstos nas bases da convocatoria, esta Reitoría

### RESOLVE

**Primeiro.-** Aprobar a publicación da relación provisional de solicitudes admitidas a trámite que figura no Anexo I.

**Segundo.-** Consonte establece a base sétima da convocatoria, ábrese un prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, para reclamar contra a relación provisoria ou para, no seu caso, corrixir ou completar a documentación.

As reclamacións ou emendas presentaranse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) utilizando a instancia *SXER-Emenda e mellora da solicitude* dirixida á Vicerreitoría do Campus de Ourense- Campus Auga e indicando no asunto "Convocatoria de axudas a proxectos para o persoal investigador con traxectoria excelente do Campus de Ourense 2026".

O reitor



## Anexo I

### RELACIÓN PROVISIONAL DE SOLICITUDES ADMITIDAS A TRÁMITE

Solicitante	Proxecto
Eiras Barca, Jorge	Avanzando na compresión dos mecanismos físicos implicados desenvolvemento e persistencia dos eventos extremos de estrés térmico de alto impacto para o sector agrícola
Ferreira Santos, Pedro Miguel	Desenvolvemento de procesos sostibles de biorrefinaría de microalgas para a obtención de compostos biofuncionais con aplicación alimentaria e terapéutica
Pérez Rodríguez, Paula	Fraccionamento e estabilidade da materia orgánica do solo trala implementación de prácticas agrícolas sostibles: implicacións no secuestro de carbono
Rodríguez Seijo, Andrés	Desenvolvemento e validación dunha metodoloxía analítica baseada en ORBITRAP para a determinación de PFAS en solos agrícolas de Galicia

